Alberto Momán

prendo cos beizos
a agonía

este mal que soubeches imprimir
cun golpe de man
certeiro

sábeme salgada
férrea
a identidade

encadeada
de morderme
            sempre
para silenciar toda vontade

criches saber de min todo
construíches
            para min
unha cela á túa medida
e saíches dela
            deixándome dentro
para ofrecerme o teu minúsculo mundo

SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA UNIVERSIDADE DA CORUÑA
Concello da Coruña Concellería de Mocidade, Solidariedade e Normalización Lingüística
Servizo de Normalización Lingüística
DEPUTACIÓN DA CORUÑA ÁREA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

mais

agora

MAIÚSCULA

teño voz propia

común a todas e a todos

que miramos alén

das propias fronteiras

e sobre elas

para recuperar a memoria

que une

que solda os lazos

que nos han facer fortes

contra as mans

túas

que temín sempre

SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
UNIVERSIDADE DA CORUÑA
Servizo de Normalización Lingüística
DEPUTACIÓN